



2010

CIRCOeuropea



2010

Dossier de prensa



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2009-2010

cirque europe

I Encontro Jeunes Talents Cirque Europe

Santiago de Compostela,
do 17 ao 29 de xuño de 2010

Organiza: Centro Dramático Galego
Colaboran: Pistacinco, Xacobeo 2010

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info



programa

★ FORMACIÓN CIRCO EUROPA

Sesiões formativas (restrinxidas aos artistas participantes no JTCE)

Salón Teatro, do 17 ao 26 de xuño

Dirixidas por Fatou Traouré (traballo físico) e Jean-Michel Guy (análise de proxectos)

★ *Obradoiro de Voz*

Salón Teatro, venres 25 de xuño de 9.30 a 11.30 h

Impartido por Cristina Domínguez

★ *Obradoiro de Danza Tradicional*

Salón Teatro, venres 25 de xuño de 11.45 a 14.30 h

Impartido por Vicente Colomer e Jaime P. Díaz (Nova Galega de Danza)

★ *Obradoiro de Butoh*

Sala de ensaios da nave da Agadic, sábado 26 de xuño de 10.00 a 13.00 h

Impartido por Bárbara Monteagudo

Master class da Merce Cunningham Dance Company

(restrinxida aos artistas participantes no JTCE)

Sala de ensaios da nave da Agadic, xoves 24 de xuño de 10.00 a 11.30 h

Impartida por Jennifer Goggans, bailarina da compañía

Debates (abertos ao público)

★ *A nova creación en Europa e o dispositivo Jeunes Talents Cirque Europe (JTCE)*

Salón Teatro, xoves 24 de xuño ás 20.00 h

Dirixido por Fred Cardon, director de JTCE

★ *As estéticas do circo contemporáneo en Francia*

Salón Teatro, venres 25 de xuño ás 20.00 h

Dirixido por Jean-Michel Guy, presidente do xurado de JTCE

★ CIRCO EUROPA A ESCENA (espectáculos abertos ao público)

O Retrete de Dorian Gray: *Rúa Aire*

Salón Teatro, martes 22 de xuño ás 21.30 h

Doble Mandoble: *Mi otro yo*

Salón Teatro, sábado 26 e domingo 27 de xuño ás 21.30 h

★ CIRCO EUROPA PARTY (espectáculo aberto ao público)

Salón Teatro, martes 29 de xuño ás 21.30 h



presentación

Santiago de Compostela converterase do 17 ao 29 de xuño no epicentro do novo circo europeo da man de Circo Europa (I Encontro Jeunes Talents Cirque Europe), no cal se darán cita un total de 70 artistas emerxentes e profesionais das artes circenses e escénicas en xeral. Organizado polo Centro Dramático Galego (CDG) en colaboración coa Asociación Galega de Novo Circo e Cabaré Pistacincio e co Xacobeo 2010, Circo Europa combina unha vertente estritamente formativa coa exhibición de espectáculos e outras actividades abertas tanto ao público xeral como á activa comunidade artística que se dedica ao novo circo en Galicia.

O Salón Teatro será o escenario principal deste evento, que se desenvolve ao abeiro do programa Novos Talentos do Circo Europeo (Jeunes Talents Cirque Europe-JTCE), unha iniciativa europea de apoio a novos creadores neste ámbito artístico que encabeza a asociación francesa homónima e na cal participan outras doce entidades correspondentes a cinco polos ou grandes áreas xeográficas: Illas Británicas, Escandinavia, Europa Central, Europa do Leste e Península Ibérica, esta última representada polo CDG.

Antecedentes

A compañía pública galega implicouse activamente no desenvolvemento da edición 2009-2010 de JTCE, participando nas diferentes etapas do proceso: dende unha primeira preselección entre un total de 151 proxectos chegados de toda Europa ata a fase final, da cal saíron as dez propostas que serán apoiadas este ano, entre elas *Losing grip*, do dúo galego Circo Expreso. Ademais de ser a entidade anfitroia dunha das cinco mostras dos finalistas perante un xurado internacional, celebrada o pasado mes de xaneiro na nave da escola Circonove no polígono do Milladoiro (Ames), o CDG encárgase agora da organización desta primeira experiencia europea que reunirá en Santiago destacados artistas emerxentes procedentes de once países.

Para aprender

A comisión artística de JTCE foi a encargada de seleccionar estes 19 novos creadores —sete deles galegos— convidados a participar nas actividades formativas de Circo Europa do 17 ao 26 de xuño: dez intensas xornadas de traballo de adestramento, ensaio e intercambio de experiencias baixo a coordinación da coreógrafa Fatou Traouré e do autor, director e intérprete Jean-Michel Guy, presidente así mesmo do xurado de Jeunes Talents Cirque Europe. Catro mestres galegos apoiarannos á hora de abordar as diferentes disciplinas vinculadas ao novo circo como xénero escénico.

Ademais, e coincidindo coa actuación en Santiago da Merce Cunningham Dance Company dentro da programación do Xacobeo 2010, os participantes terán a oportunidade de asistir o día 24 a unha *master class* cos responsables da compañía norteamericana. As actividades formativas complementaranse con mesas redondas en que se abordará tanto o traballo realizado dende Jeunes Talents du Cirque Europe coma a situación actual do novo circo a nivel europeo.



Para gozar

Canto ao programa de exhibición, pensado tanto para facer partícipe a cidadanía deste evento europeo como para implicar nel o novo circo galego, o Salón Teatro acollerá os espectáculos *Rúa Aire* da compañía galega O Retrete de Dorian Gray (martes 22, ás 21.30 h) e *Mi otro yo* da formación hispano-belga Doble Mandoble (sábado 26 e domingo 27 ás 21.30 h), así como a Circo Europa Party (martes 29, ás 21.30 h), que será o colofón desta primeira edición do encontro coa participación de artistas locais xunto con parte dos creadores europeos convidados.



QUE É JEUNES TALENTES CIRQUE EUROPE?

JTCE é un dispositivo de acompañamento ao nacemento e emerxencia de autores e creadores no eido das artes do circo.

A asociación homónima, con base en París, coordina unha rede de operadores europeos con vontade de mobilidade, de dinámica común e de diálogo intercultural. En cada unha das edicións, os artistas de circo presentan os seus proxectos e exploran novas vías nas súas postas en escena. O proxecto JTCE ten por obxectivo favorecer a eclosión de escrituras novas axudando á súa creación e á súa difusión.

Cun financiamento de 200.000 euros para o bienio 2009-2010 a cargo da Unión Europea, JTCE está encabezado polo centro francés Jeunes Talents Cirque e conta con outras doce entidades asociadas correspondentes a cinco polos ou áreas xeográficas: Illas Británicas, Escandinavia, Europa Central, Europa do Leste e Península Ibérica.

Cada co-organizador europeo desenvolve no seu país unha propia rede nacional ou transnacional favorecendo o traballo na continua procura de cooperación.

Unha proposta galega, entre as vencedoras do JTCE 2009-2010

Losing Grip, da compañía con sede en Santiago **Circo Expreso**, foi un dos dez proxectos artísticos vencedores do programa JTCE na súa edición 2009-2010. O dúo que integran Raquel Veganzones e Girisho Gordon participou na mostra clasificatoria organizada a finais de xaneiro polo CDG, onde o comité de selección valorou a orixinalidade da proposta de circo aéreo que se desenvolve a partir de dous elementos creados ad hoc: un trapecio de tres barras colocadas a modo de escada e un arnés que, camuflado baixo a roupa, lles ofrece novas e sorprendentes formas de suxeición.

Raquel Veganzones e Girisho Gordon teñen acceso agora a un plan de apoio artístico, técnico e económico que, no seu caso, dirixírase principalmente ao desenvolvemento e produción dun espectáculo a partir deste traballo. Así, a organización ofrece a cada unha das dez formacións seleccionadas dous períodos de residencia artística nalgún dos centros adscritos. Ademais, JTCE garántelles unha difusión a nivel europeo a través de varias iniciativas, como a serie de presentacións públicas que se celebrará a partir de agosto en Copenhague, Estrasburgo, Bruxelas e París.

Para entrar a formar parte de JTCE, *Losing Grip* tivo que superar un primeiro proceso de preselección, para o que se recibiron un total de 151 proxectos de toda Europa, e unha fase final consistente na exhibición das propostas ante un xurado internacional.





Outra compañía galega, **Duelirium**, clasificouse xunto a Circo Expreso entre as 33 finalistas que optaban a entrar no programa, sendo ademais as únicas representantes da Península Ibérica nesta última fase. Co seu espectáculo *Aviadoras*, a compañía de circo aéreo que integran Mercé Solé e Raquel Oitavén presenta dúas pioneiras da aviación na segunda guerra mundial, que loitan en bandos enfrontados e acaban por encontrarse nunha coordenada descoñecida. A pesar das dúas diferenzas, xuntas tentarán sobrevivir buscando enxeñosas formas de seguir voando: cordas lisas feitas con farrapos e un trapezio-hélice son algúns dos innovadores aparellos ideados polo dúo para executaren a técnica que dá forma a esta historia.



CIRCO GALEGO

O NOVO CIRCO GALEGO. PISTACINCO/CIRCONOVE

No panorama escénico galego asistimos, dende hai unha década, á aparición do novo circo como disciplina cultural e artística. Tamén constatamos a posta en valor da rúa como escenario no que democratizar arte e cultura. Na xestación do novo circo galego existiu un lugar propicio e un colectivo fundamental: Santiago de Compostela e o colectivo Pistacinco.

O circo é un espectáculo que atrae público de toda idade e condición. O circo sae á procura da xente, por medio da carpa ou por medio das propias rúas. É por iso que o circo se está revelando como un motor cultural, como unha ponte amigable entre os axentes culturais galegos e o público.

Os novos artistas, conscientes da escasa formación existente en Galicia en canto ao novo circo, comezaron a finais dos noventa un período de éxodo a diferentes escolas de circo do mundo. Co regreso destes artistas, xa formados en diferentes disciplinas e con experiencia internacional, creouse o proxecto Circonove.

No ano 2000 creouse a Asociación de Novo Circo e Cabaré Galega Pistacatro, colectivo que ademais de artistas inclúe a profesionais e afeccionados de outras categorías técnicas como a escenografía, a produción ou a música, e que foi o xerme do actual movemento de novo circo en Compostela. En 2005, sete artistas integrantes da asociación crean a empresa Pistacatro Productora de Soños. A principios do 2007, con fin puramente práctico e para non crear confusións entre a empresa e a asociación, esta última pasou a chamarse Pistacinco, en relación á continua evolución da súa actividade.

Na actualidade está fortemente consolidada e goza de convenios anuais co Concello de Santiago de Compostela e co Concello de Ames para financiar tanto a súa sede na nave chamada Circonove, no polígono do Novo Milladoiro, como as súas actividades ao aire libre e nos teatros da cidade.



CIRCO EUROPA

★ FORMACIÓN CIRCO EUROPA

A parte formativa de Circo Europa terá lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela entre o 17 e o 26 de xuño (ambos incluídos). Durante sete horas ao día e coordinados por Fatou Traouré e Jean-Michel Guy, 19 novos artistas europeos participarán no programa formativo central do I Encontro Jeunes Talents Cirque Europe. Catro mestres galegos apoiannos á hora de abordar as diferentes disciplinas vinculadas ao novo circo como xénero escénico. Así, Cristina Domínguez impartirá o venres 25 no Salón Teatro un obradoiro de voz e, a continuación, Vicente Colomer e Jaime P. Díaz (Nova Galega de Danza) farán o propio coa danza tradicional. Ao día seguinte, Bárbara Montegudo impartirá un obradoiro de Butoh na sala de ensaios da nave da Agadic, no polígono Costa Vella de Santiago.

As sesións da mañá estarán dedicadas ao traballo físico en diversas vertentes. Dado o grande esforzo e desgaste que este tipo de traballo supón para un artista de novo circo, terán unha duración de tres horas e media por día. A proposta global deste apartado será responsabilidade da coreógrafa francesa Fatou Traouré.

As outras tres horas e media de formación estarán centradas na análise e estudo dos proxectos individuais que cada un dos artistas ten en marcha nestes momentos. Jean-Michel Guy será o coordinador desta parte.

Ademais, e coincidindo coa actuación no Auditorio de Galicia da Merce Cunningham Dance Company dentro da programación do Xacobeo 2010, os participantes terán a oportunidade de asistiren o día 24 na sala de ensaios da nave da Agadic a unha *master class* organizada en colaboración co Centro Coreográfico Galego. Será impartida por Jennifer Goggans, bailarina da compañía norteamericana.

As actividades formativas complementaranse con varios debates abertos tanto ao resto de artistas interesados —calquera que sexa a súa disciplina— como ao público xeral. Fred Cardon, director do JTCE, dirixirá a primeira mesa redonda que terá lugar o xoves 24 de xuño ás 20.00 h baixo o título *A nova creación en Europa e o dispositivo Jeunes Talents Cirque Europe*. Jean-Michel Guy moderará o segundo debate (venres 25 de xuño ás 20.00 h) que versará sobre *As estéticas do circo contemporáneo en Francia*. En ambos casos, a entrada é libre e gratuíta ata completar a capacidade do Salón Teatro.



Día	Hora	Lugar	Actividade	Dirixido por	Dirixido a
Xov. 17 _ Sáb. 26	10.00 – 14.00 h 16.00 – 19.30 h	Salón Teatro	Sesións formativas	Fatou Traouré e Jean-Michel Guy	Participantes no JTCE
Xoves 24	10.00 – 11.30 h	Sala de ensaios da nave da Agadic	<i>Master class</i> da Merce Cunningham Dance Company	Jennifer Goggans	Participantes no JTCE
Xoves 24	20.00 h	Salón Teatro	Debate <i>A nova creación en Europa e o dispositivo JTCE</i>	Fred Cardon	Público xeral
Venres 25	9.30 – 11.30 h	Salón Teatro	Obradoiro de Voz	Cristina Domínguez	Participantes no JTCE
Venres 25	11.45 – 14.30 h	Salón Teatro	Obradoiro de Danza Tradicional	Nova Galega de Danza	Participantes no JTCE
Venres 25	20.00 h	Salón Teatro	Debate <i>As estéticas do circo contemporáneo en Francia</i>	Jean-Michel Guy	Público xeral
Sábado 26	10.00 – 13.00 h	Sala de ensaios da nave da Agadic	Obradoiro de Butoh	Bárbara Monteagudo	Participantes no JTCE

Traxectorias profesionais

Durante case vinte anos, Fatou Traouré empuxa os límites da danza contemporánea. Bailarina e coreógrafa, sempre lle gustou a mestura de xéneros. Para ela, o baile está aberto a outras disciplinas.

En 1995 asinou a súa primeira coreografía e en 1999 fundou a súa compañía, FT1x2x3. Na súa primeira creación convidou músicos de jazz a tocar no escenario cos bailaríns. Anos máis tarde comprometeuse a traballar coas compañías de circo e descubriu a arte da “vía de desenvolvemento”. Na década do 2000 puxo en escena espectáculos como Síncope de 7 ou Vértigo Mariposa, que permaneceu durante varios anos en cartel.

Jean-Michel Guy é diplomado pola École des Hautes Études Commerciales e doutorado pola École des Hautes Études en Sciences Sociales. Enxeñeiro de investigación no Departamento de Estudos, de Prospectiva e Estatísticas do Ministerio de Cultura e Comunicación de Francia, encárgase actualmente do estudo crítico na École Nationale des Arts du Cirque de Rosny-sous-Bois (ENACR) e no Centre National des Arts du Cirque (CNAC).

Co-fundador da compañía La Scabreuse, para a cal escribiu e dirixiu espectáculos como La mourre ou Body, é tamén co-autor e intérprete de Jongleur pas confondre (para a compañía Non Nova). Publicou, ademais, numerosas obras sobre a estética do circo contemporáneo. Actualmente é o presidente do xurado do programa JTCE.



★ CIRCO EUROPA A ESCENA

A presentación dos espectáculos *Rúa Aire*, da compañía O Retrete de Dorian Gray, o día 23 de xuño e *Mi otro yo*, da formación hispano-belga Doble Mandoble, os días 26 e 27 de xuño serán dúas das accións paralelas de Circo Europa. O Salón Teatro albergará estes dous espectáculos como parte da programación aberta ao público xeral.

© tono arias

Martes 22 de xuño / 21.30 h / Salón Teatro
Rúa Aire. O RETRETE DE DORIAN GRAY

Rúa Aire é o último espectáculo de O Retrete de Dorian Gray, a compañía que integran Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno coa finalidade de afondar no mundo do teatro visual, físico e de manipulación de obxectos. O espectáculo, construído integramente mediante a manipulación de globos, constitúe todo un reto para a compañía á hora de desenvolver todas as posibilidades dramáticas desta técnica que eles mesmos inventaron e coa que levan traballando desde 2005.

Autoría, dirección e interpretación: O Retrete de Dorian Gray
(Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno)

Codirección: Jordi Farrés

Deseño do espazo sonoro: Pablo Rega

Deseño de iluminación: Fidel Vázquez

Realización da escenografía: José Viruta e Rafa Barreiro

Vestuario: Cloti Vaello

Coprodución: Centro Dramático Galego

www.elretretededoriangray.com

A proposta escénica baséase na idea do escenario dentro do escenario, isto é, a mesa de manipulación. Construída e deseñada ex profeso para este espectáculo, dispón dunha serie de resortes escénicos, luminosos e de tremoia que permiten unha gran axilidade á hora de xerar cambios de luz, ambiente e movementos escenográficos. Deste xeito, os actores-manipuladores manteñen un control absoluto do que pasa na escena, sendo ao tempo marionetistas e técnicos de luces, son ou espazo.



Sábado 26 e domingo 27 de xuño / 21.30 h / Salón Teatro

Mi otro yo. DOBLE MANDOBLE

A compañía Doble Mandoble foi fundada en 1996 por dous irmáns xemelgos, Luis Javier e Miguel Ángel Córdoba Pelegrín.

Tras un espectáculo de maxia clásica que xirou por España, no ano 2000 a actividade da compañía interrómpeuse para que os membros comencen a súa formación en artes circenses. En xuño de 2004, despois de se graduaren na escola ESAC en Bruxelas, participan na creación da compañía Hopla Circus e do espectáculo de circo *La familia Rodríguez*.

En setembro do 2007, a compañía Doble Mandoble renace coa creación dun novo número

de maxia *clownesca* titulado *Los aros indomables*. En 2009, Doble Mandoble volve de novo á creación e presenta un novo espectáculo titulado *Mi otro yo*.

Despois de vinte anos de traballo, a compañía Doble Mandoble crea unha nova maneira de abordar a maxia, fusionándoa co circo e a manipulación de obxectos. Reúne todo nun só espectáculo engadíndolle unha posta en escena teatral e burlesca. Máis ca unha demostración de efectos de maxia, trátase de pór estes efectos ao servizo dunha nova forma de teatro visual orixinal, divertido e, ao tempo, absurdo e poético.



*Autoría e interpretación: Luis Javier e Miguel Ángel Córdoba Pelegrín
Dirección: Rudi Skotheim Jensen
Asesoramento máxico: Ezra Moreno
Manipulación de obxectos, movemento e acrobacias: Niclas Stureberg
Vestuario: Rosana Lugo Fábregas
Escenografía: Thyl Beniest e Sébastien Boucherit
Iluminación: Thyl Beniest
Coprodución: Espace Catastrophe, Festival Humorologie, Communauté française, service général des Arts de la scène / service des Arts forains, du cirque de la rue*

www.doblemandoble.com

★ I CIRCO EUROPA PARTY

Circo Europa despedirase do público compostelán o martes 29 de xuño ás 21.30 h cunha gran festa do circo dirixida pola *troupe* de Pistacinco. Participarán nela artistas locais e parte dos creadores europeos convidados ao encontro, entre eles os integrantes de Duelirium e Circo Expreso, as dúas formacións galegas clasificadas respectivamente entre as finalistas e vencedoras do programa Jeunes Talents Cirque Europe 2009-2010.

Na xornada do luns traballarán conxuntamente para ensamblaren os números de circo da que será a I Circo Europa Party arredor dunha temática clara: Compostela como camiño e punto de encontro de Europa.



- 1 Antonia Kuzmanić
Positive force
- 2 Milan Manic
Vladana Ergeg
Ivana Koraksic
Cirkusfera
- 3 Dana Augustin. *KRK*



- 4 Raquel Oitavén
Mercé Solé
Duelirium
- 5 Alfredo Pérez
- 6 Raquel Vezanzones
Girisho Gordon
Circo Expreso



A Festa do Circo foi, durante os dez últimos anos, o que o seu propio nome indica, unha festa. A festa onde se celebrou o encontro entre acróbatas, pallasos, actores, actrices, músicos, bailaríns, malabaristas, maquilladoras, fotógrafas, cámaras, trapevistas, escenógrafos, técnicos e un longo etcétera de artistas galegos e convidados chegados de todo o mundo.

A Festa do Circo foi o berce fundacional do novo circo galego, onde naceron as compañías que hoxe están a traballar profesionalmente e onde se xestaron a nave de Circonove e moitos outros proxectos.

Como funciona

A Festa do Circo é unha gala na que participan un número variable de artistas de circo, locais e convidados, creado nun tempo récord un espectáculo único, cunha temática especial para cada ocasión e destinado para ser consumido inmediatamente por un público que cada ano acode fielmente á cita.

Os artistas locais en Santiago encárganse de preparar todo o necesario para a posta en escena: banda de música en directo, presentacións, escenografía, publicidade, público, rexedor, produción, dirección... Os artistas convidados de Jeunes Talents Cirque Europe traerán as súas rutinas e números de circo ben preparados. E o público poderá gozar no Salón Teatro desta explosión de creatividade.



entradas

As entradas para os espectáculos de Circo Europa a Escena, *Rúa Aire* da compañía O Retrete de Dorian Gray e *Mi otro yo* de Doble Mandoble, así como para a I Circo Europa Party pónense á venda no despacho de billetes do Salón Teatro que permanecerá aberto os días de función a partir das 19.30 h.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

A entrada para asistir aos debates das actividades formativas é libre e gratuíta ata completar a capacidade do Salón Teatro.

